

Celga



4

PROBA B (ORAL)

Caderno do persoal examinador



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Secretaría Xeral de Política Lingüística

C4-B-18 (1)

PARTE 1 (Texto escrito)

A continuación, lea vostede este artigo sobre o feísmo. Tome as notas que precise. Na entrevista oral, terá que:

- Resumir o texto.
- Realizar unha exposición.
- Conversar sobre o tema.

SOBRE O FEÍSMO...

Que é o feísmo?

Non é só a fachada de ladrillo sen recebar ou o mal gusto dalgunhas edificacións, totalmente contrarias tanto á tradición do país como ao deseño e á técnica construtiva propios do novo milenio. Non, hai moitos feísmos: os vertedoiros ilegais no monte; a proliferación de antenas parabólicas e de telefonía móbil; a rede de cables que gabea polas fachadas dos edificios e que voa por multitude de rúas; os parques eólicos; as fábricas mastodónticas situadas no continuum rural-urbano e que degradan a paisaxe e o medio ambiente; as pontes, onde importa máis a forma ou a estética que a función que cumpren... E tamén é feísmo a especulación, a ignorancia e o caos urbanístico produto da ambigüidade legal.



O feísmo na arquitectura

No que atinxe ao feísmo arquitectónico, urbanístico ou paisaxístico —é dicir, todas aquelas construcións ou obras humanas que degradan dalgún xeito a contorna—, trátase dun fenómeno que transformou a paisaxe de Galicia nas últimas décadas e que, curiosamente, desaparece ao cruzar as fronteiras que delimitan esta comunidade autónoma.

Sirvan como exemplo a existencia nas vilas de edificacións que desentoan co ámbito no que están situadas. Dentro desa tipoloxía de edificacións, hai dúas clases de edificios que responden a ese modelo: aqueles que están sen rematar —por exemplo, acabados en ladrillo ou en bloques sen recebar nin pintar— e aqueles que, malia estaren perfectamente rematados no exterior, non encaixan —nin polas súas formas, nin pola súa composición, nin polo tratamento que se lles dá aos elementos de acabado exterior— na tipoloxía máis ou menos tradicional da zona.

E, na arquitectura popular, convén mencionar o caso das pallozas con tellado de chapa ondulada, os hórreos co teito de uralita, ou as ermidas —moitas delas do medievo—

ameazadas pola especulación, a desorde urbanística e a dispersión que caracteriza o rural galego.

Feísmo e urbanismo

É unha obviedade que uns bos plans de ordenación son fundamentais para todo tipo de asentamento poboacional. E, neste sentido, os responsables públicos deben contar cun plan de ordenación que implique necesariamente todos os sectores afectados. É un traballo moi serio e importante que deberá ter en conta moitos aspectos, porque nun plan conflúe todo —a edificación, a rede viaria, a industrialización, o comercio e como se articula todo o territorio municipal e a súa vinculación cos territorios limítrofes—, porque o plan non é unha illa.

O certo é que os plans urbanísticos son a mellor arma contra o feísmo, pero a súa validez é nula cando se incumpren ou cando a súa interpretación non é a adecuada, o que é froito do crecemento desordenado do territorio que, ás veces, se debe á falta de control dos responsables públicos, que non perseguen os incumprimentos urbanísticos. Pero a dura evidencia é que hoxe, malia o indiscutible progreso, a Galicia colonizada polo home —con normas, leis, plans e recursos públicos— está máis deteriorada, máis fea, ca vinte e cinco anos atrás.

E a pregunta que se formula é: como se debe tratar o problema desas intervencións tan mal acaídas? O que indica a lóxica é que convén abordalo desde dúas fronteas: a corrección do mal feito e a prevención para o futuro.

Feísmo, cultura e orgullo

Convén salientar que, no caso de países coma Francia, Suíza, Austria ou os países nórdicos, e en xeral na Europa occidental, non existe o feísmo como tal.

En todos estes países hai un respecto pola arquitectura tradicional e, de feito, foise perfeccionando co paso do tempo e adaptando aos actuais modos de vida, e o resultado é que as súas edificacións encaixan perfectamente coa paisaxe.

Nestes países constrúese case exclusivamente un único tipo de vivenda illada no medio rural con lixeiras variacións de tamaño, cor ou acabados, de tal xeito que pode falarse dun modelo nacional ou rexional que todos respectan, ao que practicamente se adapta todo o mundo e que moi poucos se atreven a cuestionar e, se o fan, é para no seu lugar construíren unha edificación de arquitectura de calidade que de ningún xeito supoña un elemento discordante.

Pero estamos a falar de países nos que, alén dunha lexislación que obriga e condiciona en cuestións urbanísticas, hai unha sensibilidade importante por parte dos seus cidadáns cara ás tradicións.

A teor disto, convén pensar que o feísmo tamén é materia de cultura, educación, civismo... E que se fai necesario un cambio de actitude do cidadán que teña que ver co amor polo territorio e pola paisaxe. Para conseguir este cambio de actitude, cómpre facer un esforzo en formación e información. Formación desde a infancia, impartindo materias obrigatorias nas escolas e nos institutos, e formación para os adultos, impulsando campañas de concienciación nos medios de comunicación.

Outro punto de vista: o feísmo en positivo

Colectivos como Ergosfera, unha asociación de arquitectos novos preocupados pola arquitectura e polas intervencións no territorio, están a presentar cuestións relacionadas co feísmo que teñen que ver coa capacidade de reciclaxe, coa innovación á hora de lles dar novos empregos aos materiais, e mesmo coa comparanza de determinadas obras nadas deste xeito con propostas arquitectónicas de vangarda como reconsideracións do feísmo.

En definitiva, para estes colectivos o feísmo é un sinal de identidade territorial que ten tamén unha vertente positiva vinculada coa cultura libre, lonxe de formulacións académicas, e coa participación en espazos públicos.

Texto adaptado do II Foro Internacional do Feísmo e do Foro do Colectivo Ergosfera

PARTE 2

1. BENVIDA E PREGUNTAS DE CONTACTO PERSOAL	1-2 minutos aprox.
<p>Orientacións para o avaliador: esta parte NON é un interrogatorio e as preguntas NON se avalían. Trátase de que o candidato se sinta a gusto e de que se tranquilice, polo que cómpre evitar as preguntas que o poidan incomodar ou as que resulten molestas.</p>	
<ul style="list-style-type: none"> ■ Como se chama? ■ A que se dedica? ■ De onde é? Fale un pouco sobre a súa cidade/vila/aldea... ■ Canto tempo leva estudando galego? Por que o estuda? ■ Que lle gusta facer no tempo libre? Que afeccións ten? (Se procede) ■ Que lle gusta máis da cultura galega? ■ Que diferenzas atopa entre a cultura galega e a súa? 	
2. RESUMO	3 minutos aprox.
<p>Orientacións para o avaliador: o candidato ten que realizar un resumo do artigo. Nesta fase preténdese comprobar que o candidato entendeu o contido do texto. NON é unha proba de memoria e, polo tanto, non é relevante que esqueza detalles concretos. En caso de que quede en branco, ou de que o seu resumo resulte excesivamente breve, pódese axudar formulando algunha das seguintes preguntas:</p>	
<p>Faga un resumo do contido do artigo.</p> <ul style="list-style-type: none"> ■ Que é o feísmo? ■ Que se di no texto sobre o feísmo na arquitectura e no urbanismo? ■ Que relación se fai no texto entre o feísmo e a cultura dun pobo? ■ Cal é o lado positivo do feísmo segundo o texto? 	
3. EXPOSICIÓN	3-4 minutos aprox.
<p>Orientacións para o avaliador: o entrevistador escollerá unha das alternativas das que se propoñen e, a partir dela, diralle ao candidato que faga unha exposición de 2-3 minutos, na cal defenda o seu punto de vista ou argumento sobre ese tema. Daráselle 1 minuto para pensar ou organizar o seu discurso e indícaráselle o seu tempo aproximado de duración. É moi importante que se realice esta parte para que o candidato poida ser debidamente avaliado. Se o candidato tarda en iniciar a súa exposición, poderáselle axudar con preguntas do tipo: Que opina vostede sobre isto? Está de acordo? Parécelle necesario? Quere engadir algo máis? Se non a realiza, haberá que respectar un pouco o seu silencio para deixar en evidencia que non está cumprindo esta parte da tarefa, pero EN NINGÚN CASO se pasará inmediatamente ás preguntas de interacción da seguinte parte.</p>	

Realice unha exposición acerca do seguinte enunciado:

- A. “Hoxe, malia o indiscutible progreso e pese ás intervencións das institucións públicas, Galicia está máis deteriorada que hai vinte e cinco anos.”
- B. “O feísmo tamén é cuestión de cultura e de civismo, e faise necesario un cambio de actitude da cidadanía que teña que ver co amor polo territorio e pola paisaxe.”
- C. “O feísmo tamén ten que ver coa capacidade de reciclaxe, coa innovación á hora de lles dar novos empregos aos materiais.”
- D. “O feísmo desaparece ao cruzar as fronteiras que delimitan esta comunidade autónoma.”

4. INTERACCIÓN

4 minutos aprox.

Orientacións para o avaliador: logo da exposición, establecerase un diálogo co candidato. A opción de preguntas que se lle dará ao candidato (A, B, C...) debe coincidir coa opción do enunciado do ítem anterior. Agora ben, estas preguntas NON consisten nun interrogatorio; son só suxestións e DEBEN ADECUARSE, na medida do posible, ao discurso do candidato. Ademais, é moi importante que se force a CONTRAARGUMENTACIÓN para poder avaliar a súa capacidade argumentativa.

OPCIÓN A

“Hoxe, malia o indiscutible progreso e pese ás intervencións das institucións públicas, Galicia está máis deteriorada que hai vinte e cinco anos”

- Está de acordo con que, efectivamente, Galicia está cada vez máis deteriorada esteticamente falando? Por que? Pode ter que ver con cuestións económicas ou de simple desleixo?
- Estase sobrevalorando a estética da paisaxe? Ou, pola contra, cre que está infravalorada, que se lle debería prestar máis atención?
- Cre que as institucións públicas atenden debidamente esta cuestión? Debería haber máis recursos públicos destinados a impedir esta deterioración ou son suficientes?
- Cal é o grao de responsabilidade, e tamén de sensibilidade, da cidadanía?
- Como cre que evolucionará a estética da paisaxe, e tamén a responsabilidade e a sensibilidade da sociedade e do sector público, de aquí a vinte e cinco anos máis?
(Se procede)
- Como percibe vostede o urbanismo e a paisaxe do seu lugar de orixe hoxe en día? E hai uns anos? Como cre que evolucionará co tempo?

OPCIÓN B

“O feísmo tamén é cuestión de cultura e de civismo, e faise necesario un cambio de actitude da cidadanía que teña que ver co amor polo territorio e pola paisaxe”

- Está vostede de acordo con que é necesario un cambio de actitude da cidadanía respecto do coidado da paisaxe ou pensa que non é necesario?
- Cre vostede que o feito de que un pobo coide do seu territorio se pode relacionar con que teña máis cultura ou, pola contra, considera que esta se mide con outro tipo de parámetros?
- Considera que aos adultos lles falta formación ou que cada vez están máis sensibilizados respecto da necesidade de coidar o medio?
- Cre que nas escolas se educan os nenos respecto desta cuestión? Como valora vostede a necesidade de que se trate este tema nas aulas?
- Opina que os pais lle dan importancia a este tema á hora de educaren os seus fillos?
(Se procede)
- Como valora vostede a preocupación por coidar o medio e a paisaxe no seu lugar de orixe?

OPCIÓN C

“O feísmo tamén ten que ver coa capacidade de reciclaxe, coa innovación á hora de lles dar novos empregos aos materiais”

- Como valora vostede, por exemplo, o feito de que se cerre unha leira con somieres ou que se reutilice unha bañeira como bebedeiro?
- Parécenlle solucións prácticas e acertadas polo que supoñen de reutilización, aforro e sustentabilidade ou, pola contra, opina que se deben evitar por antiestéticas?
- Parécelle que este tipo de intervencións na paisaxe están a ser aceptadas pola sociedade? Cales cre que serían as consecuencias de que se xeneralicen?
- Considera que as institucións públicas deberían regular este tipo de actuacións ou opina que cada un debe ser libre de decidir?
(Se procede)
- Existen, no seu lugar de orixe, este tipo de solucións? De ser así, son ben vistas?

OPCIÓN D

“O feísmo desaparece ao cruzar as fronteiras que delimitan esta comunidade autónoma”

- Considera vostede que o fenómeno do feísmo é exclusivo de Galicia ou existe tamén no resto de España e noutras partes do mundo?
- Respecto doutras partes de España ou do estranxeiro que vostede coñeza, que diferenzas e similitudes atopa respecto do tema do feísmo?
- Como valora a sensibilidade dos galegos cara ao coidado do medio e da paisaxe? É distinta respecto doutros lugares que coñeza?
- Cre que se trata dun fenómeno relacionado con cuestións de tipo cultural, socioeconómico e político ou ten que ver máis ben coa idiosincrasia de cada pobo?

(Se procede)

- Existe feísmo no seu lugar de orixe? Como se manifesta?